


VII CERTAME ARTÍSTICO

CONCELLO DE TOQUES 2022



BASES

Participantes: Poderán concorrer ao certame os rapaces e rapazas de 0 a 13 anos, cun máximo dunha obra por autor.

Tema: A temática será libre

Requisitos: Os contos estarán escritos en lingua galega e terán que ser textos orixinais, inéditos e non premiados en concursos anteriores.

Poderán estar escritos a man con letra lexible ou en soporte informático.

A extensión é libre, así como a técnica, as ilustracións e presentación.

Presentación de solicitudes: Os traballos poderán entregarse no CEIP de Toques, no concello de Toques ou na Axencia de lectura de Toques.

Cada obra debe levar o formulario de inscrición debidamente cuberto.

Prazo de presentación: 6 de maio de 2022. Non se admitirán os entregados fóra de prazo.

Categorías e premios: Establécense os seguintes:

Categoría mini (0/3 anos)

Categoría Infantil

Categoría 1º, 2º e 3º Primaria

Categoría 4º, 5º e 6º Primaria

Premiaranse dous contos por cada categoría co seu correspondente agasallo. Todos os participantes terán o seu agasallo de ter participado.

Xurado: Os membros do xurado, en número impar, serán designados pola Alcaldía de Toques. Os premios outorgaranse por maioría de votos. O xurado poderá eliminar por defecto as obras que non se axusten ao disposto nas bases. A decisión será inapelábel.

Decisión do xurado: O comunicado do resultado do certame, entrega de premios e lectura dos contos gañadores terá lugar o 14 de maio 2022, no Festival Linguafolk, en horario de tarde.

Dereitos do Concello de Toques:

-O Concello de Toques terá a capacidade de decidir sobre calquera dúbida relacionada coa interpretación das presentes bases.

-O Concello de Toques resérvase o dereito de publicación e exposición pública das obras presentadas.

-Non se devolverán os traballos presentados. A participación no certame supón a aceptación destas bases



